

EXPT E Nº 3/2015 – E. L.: “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA O ALUMADO PÚBLICO MUNICIPAL”

ASUNTO: RESOLUCIÓN APROBACIÓN DO EXPEDIENTE E SUCESIVA TRAMITACIÓN, APROBACIÓN DO GASTO E DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

“SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA O ALUMADO PÚBLICO MUNICIPAL”: Dada conta do expediente para a contratación da subministración enunciada e vistos os Informes emitidos pola Secretaría Municipal de data 2 de marzo de 2015 e pola Intervención Municipal de data 4 de marzo de 2015, esta alcaldía **resolve**:

Primeiro: Aprobar o devandito expediente de contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración. A tramitación é ordinaria e o orzamento máximo de licitación é de **CATORCE MIL OITOCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (14.867,05 €)**, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), o IVE ascende a **TRES MIL CENTO VINTE E DOUS EUROS CON OITO CÉNTIMOS (3.122,08 €)** e o orzamento máximo de licitación, co IVE, é de **DEZASETE MIL NOVECENTOS OITENTA E NOVE CON TRECE CÉNTIMOS (17.989,13 €)**.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de febreiro de 2015, que consta de 5 cláusulas e 1 Anexo e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 25 de febreiro de 2015, que consta de 26 cláusulas e 6 anexos.

Terceiro: Continuar a tramitación sucesiva do expediente coa publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), Diario Oficial de Galicia (DOG) e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello, www.sanxenxo.es.

Cuarto: Aprobar o gasto, con cargo á partida presupostaria 16500/21300 do presuposto do ente público separado “Entidade Local” do Concello de Sanxenxo, por un importe máximo de licitación de 17.989,13 € IVE engadido.

Quinto: Dando cumprimento ao disposto no Real Decreto Legislativo 3/11 de 14 de novembro, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, designar aos seguintes membros para constituír a Mesa de Contratación deste procedemento:



- Presidenta: A Sr. alcaldesa do Concello, Dona Catalina González Bea.
- Secretario: O funcionario do Concello Don Celestino Otero Camiña.
- Vocais:
 - o O Interventor Xeral, Don José Juan Vidal Vilanova
 - o O Secretario Xeral, Don Ángel L. López Pita
 - o O Concelleiro delegado de Facenda Economía e Emprego, Don Marcos Guisasola Padín
 - o O Concelleiro, delegado de Servizos Xerais e de Medio Ambiente, Don José Luis Rodríguez Lorenzo

Dada en Sanxenxo o catro de marzo de dous mil quince.



A alcaldesa

Catalina González Bea



ante min, o secretario xeral

Angel Luis López Pita